

Síntese histórica do conflito lingüístico galego

RAMÓN MARINO PAZ

(Universidade de Santiago de Compostela)

1. Radiografía elemental da situación actual

Desde 1985 ata o presente ano de 1996 incrementouse notablemente en Galicia o número de traballos de carácter sociolingüístico centrados sobre todo na descrición das pautas que guían as conductas lingüísticas dos individuos e as súas actitudes respecto dos dous idiomas en contacto no noso país. Sen dúbida hai todo un cúmulo de circunstancias que contribúen a explicar este notable aumento, mais non é do caso agora parármonos a detallalas e discutilas. De seguro, a descrición macrosociolingüística da Galicia dos nosos días que se pode considerar máis completa, máis ampla, rigorosa e recente é a que baixo o nome de *Mapa Sociolingüístico de Galicia* (de aquí en diante, MSG) vén ofrecendo desde 1994 publicou un volume sobre a *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia* e en 1995 outro relativo ós *Usos lingüísticos en Galicia*; este ambicioso proxecto culminarase en breve coa aparición dun terceiro volume acerca das actitudes lingüísticas dos galegos de hoxe. A estes datos do MSG acudirei para comeza-la miña exposición enfrontándoos directamente coa radiografía elemental do que podería considerarse o estado de saúde do idioma galego na recta final do segundo milenio da era cristiá. Non pretendo, desde logo, abafalos e aburriros cunha nube de datos que acabe por oculta-lo fundamental baixo unha morea de números, táboas e porcentaxes. Asumo conscientemente o risco de resultar un tanto simplificador e inexacto se en troca disto consigo facerlles chegar con nitidez o bosquejo do que son as liñas fundamentais dos procesos de transmisión, mantemento e uso das linguas galega e castelá na Galicia de hoxe.

Segundo o Seminario de Sociolingüística da RAG (en diante, SSRAG), na Galicia actual ten como lingua inicial o galego o 62.4 % da poboación, en tanto que o 25.6 % adquiriu en primeiro lugar o castelán. Os bilingües iniciais representan o 11.4 % e só un 0.6 % aprendeu a falar noutro idioma (SSRAG 1994: 38-39).

Gráfico 1). Así, pois, case dous tercios da poboación galega de hoxe presentan o galego como lingua inicial. Ora ben, estes datos globais deben ser cruzados con certas variables se queremos que a radiografía que buscamos sexa moito máis precisa e completa e permita así que fagamos un diagnóstico máis exacto e non enganoso da situación actual.

Se considerámo-lo factor representado polo hábitat de nacemento, observamos que a tendencia a adquiri-lo castelán como primeira lingua progresa á medida que o fai tamén o carácter urbano do hábitat, en tanto que co galego sucede xustamente o contrario. Así, se nos medios máis ruralizados só o 5.6 % da poboación ten o castelán como lingua inicial, naqueles que son plenamente urbanos a porcentaxe elévase ata o 65.3 %, con arredor de 60 puntos de diferenza entre un e outro (SSRAG 1994: 43. Gráfico 2). Os tipos de hábitat intermedios presentan cifras tamén intermedias, pero sempre se mantén a tendencia a que aumente o número de galego-falantes iniciais conforme vai aumentando o carácter rural do medio no que nacen. Naturalmente, se temos en conta a progresión urbanizadora experimentada por Galicia nas últimas décadas e previsible para as que vaian seguindo, teremos que interpretar este dato como claramente desfavorable para a vitalidade do galego.

Outro factor que se revela decisivo no noso actual panorama sociolingüístico é o da idade (cf. SSRAG 1994: 39-41. Gráficos 3 e 4). Mentres que no grupo das persoas maiores de 65 anos a porcentaxe dos que aprenderon a falar en galego sobe ata o 81.8 %, no conformado polos máis novos, os que teñen entre 16 e 20 anos, a cifra baixa ata o 34.4 %, con 47.4 puntos de diferenza negativa. En xeral o galego é a lingua inicial da meirande parte da poboación galega que conta na actualidade con máis de 26 anos, chegando a serlle moi favorables as porcentaxes entre aqueles que teñen máis de 40; pola contra, entre os menores de 26 anos as cifras do castelán superan xa ás do galego. Isto vai acompañado do incremento do número de bilingües iniciais en toda Galicia, que sempre son máis canto menor é a idade dos entrevistados: o 18.8 % entre os que teñen de 16 a 20 anos e só o 6.6 % entre os maiores de 65. Tamén convén subliñar que o ámbito familiar vai perdendo importancia como medio transmisor do galego conforme decrece a idade dos individuos, mellora a súa clase social e faise máis urbano o seu lugar de nacemento e/ou de residencia habitual (SSRAG: 188); quere isto dicir que os individuos máis novos das clases medias e medio-altas urbanas xa non adquiren o galego na casa, senón que o aprenden na escola ou, en menor medida, nos circuitos sociais en que se moven (amigos, veciños, compañeiros de traballo, etc.).

Así as cousas, observamos que na Galicia de hoxe o número de galego-falantes iniciais diminúe a medida que diminúe tamén a idade e o seu hábitat perde carácter rural. Por conseguinte, no 62.4 % de galego-falantes iniciais teñen moito peso dous sectores de poboación que inevitablemente irán perdendo protagonismo e mesmo desaparecerán na Galicia das próximas décadas: os habitantes do rural e as persoas máis vellas. Salta á vista, pois, que as perspectivas actuais da lingua galega son cando menos preocupantes.

Se dos datos relativos á lingua inicial dos galegos actuais pasamos a analizar os usos lingüísticos, observaremos *grosso modo* as mesmas constantes e tenden-

cias. Por outra parte, un dos datos máis interesantes que o volume sobre *Usos lingüísticos en Galicia* achega é o tocante ó fortísimo descenso do monolingüismo en galego que se verificou entre o derradeiro cuartel do século XIX e o derradeiro do XX: durante estes cen anos de historia o dito monolingüismo en galego experimentou un descenso de aproximadamente 71 puntos, se ben isto non supuxo que o monolingüismo en castelán progresase complementariamente (a súa suba é só de 17.6 puntos), senón máis ben que proliferasen as conductas bilingües, que presentan un aumento duns 51 puntos entre as dos nados en 1877 e as dos nados en 1974 (cf. SSRAG 1995: 49-53. Gráficos 5 a 8).

Resulta evidente, á vista de todo isto, que na actualidade Galicia vive inmersa nun proceso idiomáticamente desgaleguizador que vén xa de séculos atrás pero que se agudizou e intensificou nas últimas décadas, no último século. Especialmente de hai cincuenta anos para aquí asistimos en Galicia a unha alarmante perda de monolingües iniciais e monolingües habituais en galego. ¿Que foi o que pasou durante o século XX, e especialmente nos últimos decenios, para que isto sucedese? É necesario respondermos a esta pregunta se queremos realizar un diagnóstico acertado da situación actual que nos permita poñer en marcha as estratexias normalizadoras máis axeitadas. Intentarei, por tanto, responder a esa pregunta, mais non sen antes toma-la conveniente perspectiva histórica.

2. Breve análise da historia social da lingua galega

Haberá que comezar observando que o idioma galego que hoxe falamos non é senón o contendente vencedor no proceso de substitución lingüística posto en marcha na antiga Gallaecia desde o momento en que os soldados e funcionarios romanos, logo da conquista militar do territorio, trouxeron ata estas terras a súa lingua latina. Tras longos períodos de coexistencia diglósica que, dependendo da natureza máis ou menos urbanizada (é dicir, romanizada) de cada territorio, puideron durar ata os séculos IV, V, VI ou VII despois de Cristo, a lingua ou linguas prerromanas faladas no recanto noroccidental da Hispania acabaron sucumbindo ante o latín, que non tardara en converterse na única lingua que aseguraba unha exitosa integración na sociedade galaico-romana, xa que era a única que resultaba precisa para acceder á educación, para facer carreira na administración ou, en xeral, para promocionarse socialmente.

As invasións xermanas, suevas e visigodas sobre todo no caso da Gallaecia, non conseguiron romper esta tendencia, porque se ben é certo, como xa indicou Wartburg (1971: 77-87), que a irrupción dos diferentes pobos xermánicos no territorio romano, ó corta-las liñas de comunicación entre as diversas partes do imperio, favoreceu considerablemente o proceso de esborrallamento da unidade latina que xa comezara a darse nos primeiros séculos da nosa era¹, tamén o é que, a pesar da longa duración do contacto entre as culturas latina e xermana e da supremacía política dos novos invasores, estes non chegaron a exercer unha influencia cultural e lingüística comparable á dos romanos. Por diversos motivos concomitantes resultou que os suevos e os visigodos lle impuxeron o seu dominio político e militar á poboación galaico-romana e, en xeral, hispano-

-romana, pero a cambio acabaron latinizándose cultural e lingüisticamente, pois pode dicirse que en xeral as formas sociais romanas acabaron impoñéndose nos novos estados constituídos polos invasores xermanos. Hai que ter en conta, para comprendermos isto, que parece ser que os suevos e visigodos eran realmente moi poucos en comparación cos hispanorromanos, conformaban practicamente pouco máis ca unha oligarquía militar; que as súas invasións non responderon a un proceso organizado e controlado por un poder central, senón que cada tribo andaba con independencia respecto das demais, á procura dun territorio onde establecerse; que eran fundamentalmente guerreiros que non quixeron ou non puideron organizar un aparello administrativo semellante ó que séculos antes organizaran os romanos; que o seu analfabetismo contrastaba fortemente coa tradición cultural das cidades do mundo romano e que por iso a súa lingua non chegou a estimarse como un sinal que podía dar distinción social a quen a usase; ou, finalmente, que ata o século VII, despois da conversión dos visigodos ó cristianismo, a lei impediu que os xermanos casasen cos hispanorromanos, cousa que sen dúbida complicaba a infiltración da lingua xermana no tecido social. Por se todo isto fose pouco, aconteceu que desde o momento en que o Cristianismo adoptou o latín como lingua propia o idioma dos romanos adquiriu un selo de universalidade xa irreversible, de tal xeito que non foron poucos os xermanos que incluso chegaron xa latinizados ós novos territorios que ían conquistar e gobernar.

Deste xeito o latín galaico acabará consolidándose na Alta Idade Media como o idioma propio da zona noroccidental da Península Ibérica, aínda que, iso si, asumindo elementos dos superestratos xermánicos e, en menor medida, do árabe. Ata o século XIII foi o latín escrito a lingua da administración e da literatura galegas (quitando, desde logo, posibles textos románicos hoxe perdidos), pero aproximadamente desde 1250 (ou incluso antes) o galego, desprendéndose tantariñantemente da roupaxe gráfica e gramatical latina, pasa a disfrutar tamén desa especie de rango oficial que como idioma do país lle correspondía. Galicia era entón monolingüe, pois falaban en galego tódalas clases sociais, sen distincións por razóns de rango, poder, riqueza ou nivel cultural. Por tanto era normal que desde o século XIII se redactasen en galego numerosos documentos xerados pola vida administrativa, práctica que, logo da decadencia, non se deu recuperado deica a actualidade. Segundo Monteagudo (1985: 95), a xeneralización do uso administrativo do galego prodúcese no séc. XIV, cando vemos que o noso idioma "non só se emprega nos docs. particulares, senón tamén en docs. públicos". Esta situación prolongaríase en principio polo século XV, pero na segunda metade desta centuria o seu emprego comezaría a confinarse nos documentos particulares para desaparecer incluso deles durante a primeira metade do século XVI.

Ó meu modo de ver, o virus político que provocou estes efectos lingüísticos na Galicia do catrocentos e o cincocentos estaba inoculado na vida do reino desde varios séculos atrás. Logo da invasión árabe do século VIII a nobreza galaica mantivo durante moito tempo importantes cotas de independencia fronte á monarquía asturiana ou ástur-leonesa. Tanto foi así que naqueles tempos incluso se produciron varias tentativas – ó final fracasadas – de converter

Galicia en reino independente: iso foi o que ocorreu, por exemplo, no século X, cando durante uns anos foron monarcas galegos Ordoño II e seu fillo Sancho Ordóñez². Xa no século XI, en tempos do rei García I (1065-1071), Galicia volveu a constituír realmente unha unidade política que, continuadora da antiga *Gallaecia* tardorromana e sueva, chegaba polo sur non só xa ata as marxes do Douro, senón incluso, sumadas as terras que se lles conquistaran ós árabes ata aquel ano de 1065, ata máis alá do río Mondego. Por outra banda, no século XI a nobreza galega conformaba aínda un grupo sólido e pouco disposto á fácil submisión fronte ós monarcas castelán-leoneses: velaí a sublevación dalgúns contra Fernando I, a quen consideraban un usurpador, ou as propias revoltas que contra Afonso VI dirixiron Rodrigo Ovéquiz e o bispo Diego Páez debido ó encarceramento do rei García I.

Este segundo conflito, saldado coa derrota de García, acabou fragmentando aquela antiga unidade político-cultural do occidente da Península Ibérica, que se estendía desde o Cantábrico ata máis alá do Douro. A razón disto hai que a buscaremos no feito de que, logo de lle arrebatara a coroa galega a García, Afonso VI actuou dunha maneira tal que chegou a disgrega-lo territorio daquel reino occidental. En efecto, se en 1090 o rei Afonso nomeou condes de Galicia a súa filla Orraca e o conde don Reimundo, soamente cinco anos despois, en 1095, as terras situadas ó sur do río Miño pasaron a constituí-lo Condado Portucalense, rexidas a partir daquel momento por dona Teresa, filla tamén de Afonso VI, e por seu home, don Henrique de Borgoña. Unhas décadas despois, con Afonso Henriques, Portugal declarárase reino independente (cf., sobre todo isto, Lorenzo 1992 e 1993)³.

1095, pois, é o ano que marca o inicio da disgregación do bloque político-cultural do Occidente da Península Ibérica, pero por outra banda marca tamén, ó meu parecer, o momento en que Galicia comeza a virar definitivamente o rumbo da súa historia para pasar a xirar na órbita política de Castela. É que, por máis que Afonso Reimúndez – fillo de dona Orraca e do conde Reimundo, neto de Afonso VI – parecía en principio chamado a se-lo rei dunha Galicia independente na primeira metade do século XII, ó cabo terminou reinando en Castela e León co nome de Afonso VII desde 1126; como sinala Barreiro (1982: 53), Afonso VII acabou optando polo cetro que maior proxeción política lle aseguraba, pois mentres que a terra galega quedaba irremisiblemente pechada sobre si mesma, como espacio de retagarda, sen ningunha saída ó exterior nin polo leste nin polo sur, Castela tiña diante súa un extenso territorio en poder dos árabes que se ofrecía como magnífico escenario impulsor do fortalecemento do seu poderío político e militar. De alí en diante, a pesar de que Galicia conservase nominalmente o carácter de reino e mesmo seguiu tendo aínda reis coma Fernando II (1157-1188) e Afonso IX (1188-1230), irá de feito perdendo toda capacidade de autoxestión e pasará a ser un territorio *periférico* da monarquía castelán-leonesa, e non só no sentido meramente espacial da palabra. Así as cousas, a carencia de poder político real, non delegado, a falta de verdadeira autonomía, acabará deixando desprotexida a lingua galega, que xa na propia Idade Media estará materialmente á intemperie,

exposta a tódolos ventos e caprichos que desde entón puidesen soprar desde fóra ou mesmo desde dentro do país.

No plano político e social é evidente que, se ben durante o século XII a aristocracia galega de primeira liña participa activamente na vida política da corte e a burguesía urbana empeza a fortalecerse, xa en tempos de Fernando III (1230-1253) a clase dirixente de Galicia comeza a ver minado o seu poder pola acción do rei de Castela, que xa daquela envía forasteiros para gobernaren nestas terras e alimenta así unha práctica política que a finais da Idade Media, ó tempo que o noso país pasaba a ocupar unha posición marxinal no seo da coroa, acabará por colocar nobres non galegos nos postos cruciais da administración civil e eclesiástica do reino (arcebispado de Santiago, sedes das dioceses, *adelantado mayor*, etc.)⁴. Isto non deixaría de ter importantes consecuencias socio-lingüísticas, pois as cortes destes nobres foráneos funcionaban case sempre como auténticos focos castelanizadores.

A presión castelanizante acentuouse durante o século XV. Na crise dinástica que a coroa de Castela viviu entre o trescentos e o catrocentos os nobres galegos máis sobranceiros sufriron, en xeral, unha severa derrota política. Daquela intensificouse a práctica de enviar a Galicia unha aristocracia forasteira castelán-falante para ocupa-los postos básicos da administración civil e eclesiástica⁵, producíndose así un auténtico relevo na cúpula rectora da sociedade galega que tivo un importante custo lingüístico. Sirva de exemplo do que digo o caso, xa comentado por Monteagudo (1994: 179-181), do acontecido no arcebispado de Santiago durante o século XIV. Abondou con que o titular da diocese entre 1400 e 1445 non fose galego para que durante estes corenta e cinco anos desaparecese totalmente o noso idioma da documentación escrita emanada desta importantísima institución medieval. O galego volvería á sé compostelá da man do arcebispo Álvaro de Isorna (1445-1449), natural de Foz (Lugo), pero xa con Rodrigo de Luna e a saga dos Fonsecas, durante a segunda metade do século XV, o castelán irá pasando a se-la lingua propia deste arcebispado capital na Galicia daquel tempo. Desta maneira, nobres fóraños coma estes foron establecendo o seu redor pequenas cortes que se ían convertendo en focos de castelanización en territorio galego e galego-falante: a práctica unilingüe en castelán por parte destas persoas ía inculcando a mentalidade diglósica na aristocracia galega que mantiña relacións con ela⁶. O relevo aristocrático foi así acompañado dun relevo idiomático: o galego foi cedendo o seu posto oficial á lingua que falaban os novos señores chegados de fóra. Como sinala Monteagudo (1994: 181), "durante o século XV, especialmente durante a súa segunda metade, a nobreza e o clero galegos comezan a seguir a pauta que lles marcan a nobreza e o alto clero castelán empoleirados no cume dos poderes de Galicia, e comeza a converterse nun *núcleo diglósico asimilado*". O fracaso da clase dirixente galega no final da Idade Media supuxo tamén o fracaso político da propia Galicia e, entre outras cousas, trouxo consigo a frustración do galego como lingua normalizada.

Desde esta época o poder galego irá sendo exercido case en exclusiva por unha aristocracia foránea: na Idade Moderna viñeron de fóra a inmensa maioría dos bispos e arcebispos das dioceses galegas (cf. Barreiro 1982), case tódolos

capitáns xenerais (cf. Villares 1984: 99) e, especialmente entre os séculos XVI e XVII, a práctica totalidade dos maxistrados da Real Audiencia (cf. Villares 1984: 101). A nobreza galega sufriu un desarraigo xeneralizado debido á súa integración na estrutura burocrática e militar do novo estado español que nacía cos Reis Católicos e os Austrias. Os escasos nobres galegos que permaneceron no país, en xeral pertencentes a liñaxes menores, fóronse asimilando con maior ou menor rapidez, porque o medio en que a súa vida debía agora desenvolverse impoñía o castelán como a lingua en que falaban e escribían os que mandaban e os que estaban á sombra deles intentando progresar. O castelán, así, non soamente comezou a se-lo paradigma do cortesán e do elegante, senón tamén o único idioma en que o poder se expresaba en Galicia. Deste xeito, se ben esta lingua de elites tardou moito en calar nun tecido social galego maioritariamente alleo ó poder e á cultura escrita, de feito a grande masa galegófona da poboación veu sendo gobernada nun idioma estranxeiro polo menos desde a segunda metade do século XV, ou mesmo desde antes.

Desde esta posición de privilexio imposto, o castelán, que ó principio non sería nada máis – e nada menos – que unha marca externa característica dunha alta nobreza forasteira absolutamente reacia á galeguización, irá sendo aceptado e asumido polas clases autóctonas de maior poder e riqueza. Os datos que coñecemos apuntan a que esta asimilación se foi producindo de maneira lenta e vagarosa, pois durante varios séculos non chegou a constituírse en Galicia un gran bloque de clases medias que estivesen en disposición de prestarse a ela. Durante moito tempo o monolingüismo en castelán só debeu de caracterizalo sector dirixente foráneo e, en moita menor medida, o grupo máis asimilado da aristocracia autóctona. A inmensa maioría da poboación (rural, vilega ou urbana) continuaría instalada exclusivamente no galego e non tería nin posibilidades reais de cambiar de lingua nin motivos serios para facelo. Contamos con diferentes testemuños que aboan esta creo que razoable hipótese, pero debido á falta de tempo limitareime a recordar como aínda a principios do século XVII había xente nobre que lle remitía cartas en galego ó conde de Gondomar e que en 1604 era este mesmo conde quen declaraba nunha carta escrita en Baiona que, se non o destinaban axiña a outro lugar, ía esquece-lo castelán pura e simplemente porque alí non tiña con quen o falar (cf. Tobío 1973: 135).

A desprotección política á que antes aludín irá encurralando a lingua galega, como tamén as outras de España, á medida que desde a corte vaían madurecendo as ideas tendentes á conformación dun Estado centralizado e unificado. O profesor Siguan sitúa no século XVII o momento en que en España, abandonado xa o proxecto imperial, se intenta constituír un Estado moderno ó estilo dun "Estado nacional". Isto explicaría que fose entón cando a política de unificación se fixo máis explícita. Para ilustrar este cambio cita Siguan este consello que o Conde Duque de Olivares lle deu en certa ocasión a Felipe IV:

Tenga V.M.: por el negocio más importante de su Monarquía el hacerse rey de España. Quiero decir, Señor, que no se contente VM con ser rey de Portugal, de Aragón, de Valencia, Conde de Barcelona sino que trabaje y piense con consejo maduro y secreto por reducir estos reinos de que se compone España al estilo y leyes de Castilla sin ninguna diferencia (Siguan 1992: 25).

Para Siguan (1992: 25), "de lo que se trata es de una unificación política y administrativa, las mismas leyes y los mismos reglamentos, pero la diferencia de lenguas, y más exactamente el desconocimiento del castellano, empieza a sentirse como obstáculo".

O asentamento da casa de Borbón no trono español no ano 1700 supuxo o endurecemento e a explicitación desta política de unificación xa non só no terreo administrativo e xurídico, senón tamén no lingüístico. Nada máis remata-la Guerra de Sucesión, Cataluña, último reducto da resistencia antiborbónica, terá que ver como se lle imponen os *Decretos de Nueva Planta* (1716), cos que se ordenaba, entre outras cousas, que "en las escuelas de primeras letras y de gramática no se permitan libros en lengua catalana, escribir ni hablar en ella dentro de las escuelas y que la doctrina sea y la aprendan en castellano". Nun plano máis xeral pódese dicir que, fronte ó que viñera sucedendo con anterioridade, a partir da entrada en vigor dos *Decretos de Nueva Planta* nos territorios de Cataluña, Valencia e Mallorca a unidade administrativa que se buscaba pasou a implica-lo uso exclusivo do castelán en tódalas actuacións de carácter xurídico e administrativo.

Manifestacións desta nova vontade política son a creación da RAE en 1713 baixo os auspicios da coroa, o Real Decreto de Aranjuez de 1768 ("que en todo el reino se actúe y enseñe en lengua castellana") ou o informe que o 9 de setembro de 1813 emitía unha xunta creada pola Rexencia para propoñer unha reforma xeral do ensino en España que se asentaba no principio de que "debe ser una la doctrina en nuestras escuelas, y unos los métodos de su enseñanza, a que es consiguiente que sea también una la lengua en que se enseñe y que esta sea la lengua castellana" (cit. en Lázaro 1985: 182). É certo que en Galicia a viraxe castelanizadora xa viña de moi atrás, do ocaso da Idade Media, pero non cabe dúbida de que esta mentalidade dezaoitesca e a súa plasmación en diversas ordes e disposicións contribuíu a minar aínda máis a resistencia dun idioma galego xa bastante desprestixiado no parecer e o sentir de moitos dos seus falantes.

Esta desprotección política deixaba a lingua galega á mercé dos diversos procesos que sobre todo a partir do século XVIII van propiciando unha meirande mobilidade social. A pesar do seu desvalimento, o idioma galego podía seguir sendo o idioma da inmensa maioría da poboación mentres Galicia non deixase de ser un país eminentemente rural⁷, empobrecido, mal comunicado e cun estendidísimo analfabetismo⁸. Mais a desexable mudanza deste estado de cousas, ó non ir acompañada da tamén desexable protección política do idioma galego, irá corroendo lenta pero efectivamente a lealdade lingüística de moitos falantes. Do chamado "autodio" e da deserción idiomática correspondente xa fala o Padre Sarmiento no século XVIII⁹, de maneira que se podería dicir que ó remata-la Idade Moderna había tempo que se daban en Galicia as condicións legais, administrativas e culturais necesarias para provocar un grave retroceso no uso do idioma galego, pero, por outra parte, sucedía que a inmensa maioría dos galegos non tiña posibilidades reais de aprende-lo castelán nin necesidade obxectiva de falalo, xa que as súas expectativas de vida se circunscribían case por completo ó ámbito da súa aldea.

O século XIX trouxo algunhas novidades que, ó produciren unha maior mobilidade social e abriren algunhas esperanzas de progreso para certas minorías, van fendendo minimamente o bloque de miseria, abandono e analfabetismo que asegurou a pervivencia do idioma galego durante séculos. É certo que en Galicia aquilo que, probablemente con expresión pouco afortunada, podemos denominar "modernidade" non acabou de chegar ata o século XX, pero cando menos no XIX coñecéronse cambios de importancia como a implantación do aparello administrativo propio do novo estado liberal centralizado, que liquidaba a estrutura organizativa do Antigo Réxime e situaba nas cidades principais as delegacións provinciais dun Estado concibido á maneira napoleónica. O mesmo tempo, nos núcleos urbanos comezaba a adquirir certa relevancia unha burguesía non raras veces foránea e sempre desexosa tanto de progresar coma de conseguir que ese progreso se notase. Deste xeito o castelán, durante séculos recluso nos círculos aristocráticos como unha especie de ostensible marca estamental, irá pouco e pouco "democratizándose", irá comezando a romper eses muros para ir calando paseniñamente na pirámide social. Cando en 1906 Manuel Murguía reflexionaba sobre o acusado descenso no uso do galego por parte das clases elevadas urbanas durante a segunda metade do oitocentos, sinalaba certeiraamente que sobre elas pesara grandemente o exemplo da nova clase funcional (o "mundo oficial con su fuerza incontrastable") e, sobre todo, "el creciente trato con extraños" (cit. en Álvarez Blanco/Fernández Rei/ Xove Ferreiro: 249), é dicir, con xente de ocupacións diversas – e nomeadamente o comercio – chegada ás cidades e vilas galegas para asentarse e vivir.

É evidente, pois, que no século XIX os núcleos urbanos se revelaron como poderosos centros de castelanización. Foron os seus axentes a burguesía mercantil e industrial, en gran parte foránea, e a nova burguesía administrativa que agora se estendía co triunfo do estado liberal centralizado; en cidades coma A Coruña e Ferrol os seus importantes asentamentos militares deberon de xogar tamén un destacado papel castelanizador. Con todo, o proceso de asimilación das nosas urbes, sedes das institucións que gobernaban o país, era xa patente para quen no século XVIII reflexionou e escribiu algo sobre o idioma galego e, en última instancia, creo que afunde as súas raíces no ocaso da Idade Media, cando o poder autónomo da clase dirixente galega declina por completo. Coido que a causa directa disto está no perfeccionamento do control estatal en parte procurado xa polos Reis Católicos e os Austrias pero sobre todo conseguido pola nova dinastía borbónica, que, desexosa de racionalizar e unifica-la administración, ía desenvolvendo con éxito aquela política centralizadora e homoxeneizadora que xa descubriamos, polo menos como desexo, no reinado de Felipe IV. Deste xeito as nosas cidades vanse convertendo en enclaves periféricos da administración central que reproducen a lingua propia do poder que representan e non atenden á que falan as persoas da provincia que administran. Moi claras son a este respecto unhas palabras do Padre Sarmiento, que ó redor de 1762 clamaba desta maneira contra a fundación dunha Academia de Agricultura na cidade da Coruña:

¿Quién persuadirá a los labradores gallegos que les será útil una Academia de Agricultura fundada en el lugar más arenoso y estéril de Galicia, cual es La Coruña, y en donde los más de los habitantes son hombres de pleitos y de pluma, o son de espada y milicia, o son de bolsa y comercio, o son una tropa de extranjeros advenedizos, que no saben una palabra ni un verbo de la lengua gallega, tan precisa para hablar con los labradores gallegos puros? ¿Si los gallegos que tienen hebillas en los zapatos hacen estudio de huir de la lengua que han mamado por no manchar el armiño del idioma castellano pegadizo a uso del país, que se podrá esperar de ellas y de los extraños para la Agricultura e Historia Natural de Galicia? (*Obra de 660 Pliegos*, Col. Dávila, XVI, 2ª, f. 220 r. e v., nº 5.685. Biblioteca Nacional de Madrid).

Nesta pasaxe viña a dicir Frei Martín Sarmiento que ó redor de 1760 na cidade da Coruña xa abandonaran o galego tódolos sectores dirixentes: a administración e a avogacía ("hombres de pleitos y de pluma"), o exército (homes "de espada y milicia") e a burguesía comercial (homes "de bolsa y comercio"), sen esquecer tampouco que bastantes destes individuos debían de ser forasteiros, non galegos ("extranjeros advenedizos"). Desde logo, non se pode afirmar para tódalas urbes galegas o mesmo grao de desenvolvemento nin nesta época nin noutras, pero o que si parece indiscutible é que o proceso de urbanización de Galicia acabou sendo un inimigo mortal do noso idioma, xa que as nosas cidades se tornaron en illas de carácter colonizador que paseniñamente irían irradiando o prestixio do castelán e o desprestixio do galego. Desde esta perspectiva, non estraña que certas observacións de dous escritores do XVII e o XVIII definan xa o galego como lingua rural confinada nas aldeas, o que evidentemente quere dicir que nas cidades se ía impondo o castelán, alomenos – supoño – na vida oficial e no trato das persoas acomodadas. En efecto: moito antes de que o fixeran varios observadores do século XIX (cf. Hermida 1990: 66-67), xa o Padre Álvarez Sotelo e mailo Padre Sobreira sinalaron a identificación entre o idioma galego e a inmensa masa labrega do noso país. Segundo Álvarez Sotelo, que viviu entre 1648 e 1712, a lingua galega "no se halla pura sinó entre los plebeyos que nunca salieron del ámbito de su aldea"¹⁰; para Sobreira (1974: 187), no último cuartel do século XVIII o idioma de Galicia estaba "oculto en sus aldeas". Con todo, como parece ser que, debido a un proceso de "ruralización" ben coñecido polos nosos historiadores, aínda contra 1750 só o 5 % dos galegos vivía en cidades ou vilas de polo menos 300 veciños (cf. Saavedra 1992: 16), debemos concluír que naqueles tempos a porcentaxe de galego-falantes habituais en Galicia probablemente superaba o 95 % da poboación total.

O proceso de adopción voluntaria do castelán por parte das camadas sociais máis próximas ó poder político e económico parece progresar moi lentamente ata as primeiras décadas do século XX, pois, como xa se viu anteriormente, os traballos de descrición macrosociolingüística feitos na actualidade que analizan a lingua inicial, a competencia e os usos lingüísticos dos ascendentes dos entrevistados demostran que a principios desta centuria as porcentaxes de galego-falantes habituais en Galicia debían de aproximarse ó 90 %.

Desde a fin da Guerra Civil española (1936-1939) en diante actuaron conxuntamente sobre as redes de transmisión interxeracional do idioma galego dous grandes factores que sen dúbida as deterioraron gravemente. Por unha banda, a feroz coerción política exercida desde o poder pola dictadura franquista deste-

rrou o galego de todos aqueles ámbitos e institucións en que debe estar presente toda lingua que queira ser normal: a administración pública, a educación, os novos medios de comunicación audiovisual que entón aparecían, a prensa escrita e, desde logo, o exército e a Igrexa. Por se isto fose pouco, sucedeu que Galicia viviu nesa época un intensísimo e rapidísimo cambio que converteu aquel país rural e case aínda medieval que chegaba ó 1900 con arredor do 90% da poboación vivindo nas aldeas noutro país realmente moi distinto onde o progreso da urbanización, sobre todo na segunda metade do século, foi e segue sendo impetuoso. A transformación foi tan profunda que, dada a súa magnitude, eu atreveríame a cualificala de cambio cultural: nestes últimos cincuenta anos asistimos á morte da tradicional cultura agrícola e rural e á súa substitución, a meu parecer traumática, pola nova cultura dos medios de comunicación social de masas e a informática.

A miña visión dos datos e as reflexións ata aquí expostas indúcenme a aceptala interpretación histórica do conflito lingüístico galego presentada por Chacón (1979), se ben é certo que se lle poderían facer certas precisións cronolóxicas. Este autor reinterpreta en sentido histórico o ben coñecido esquema das relacións entre bilingüismo e diglosia elaborado por Fishman (1967):

1. Diglosia con bilingüismo.
2. Diglosia sen bilingüismo.
3. Bilingüismo sen diglosia.
4. Nin diglosia nin bilingüismo.

Logo de rexeita-la distinción entre *diglosia sen bilingüismo* e *bilingüismo sen diglosia* por non estar clara e resultar pouco productiva, Chacón (1979: 445-446) avanza a súa concepción "xenética" ou "diacrónica" das relacións que entre si manteñen os devanditos cruzamentos de bilingüismo e diglosia:

Si estudiamos os conflitos lingüísticos dentro dunha comunidade cunha perspectiva histórica amplia veremos que os diversos casos máis enriba descritos son estadios sucesivos que as linguas recorren ao longo do conflito e que o resultado final do mesmo é sempre ou a NORMALIZACIÓN (a lingua B cobra carácter de lingua A e este perde o seu carácter en favor de B) ou a SUSTITUCIÓN (a lingua A dialectaliza progresivamente a lingua B hasta a súa desaparición).

Quere isto dicir que cando se desencadea un conflito lingüístico o que ocorre é que se pasa dunha situación ideal de monolingüismo (nin diglosia nin bilingüismo) a outra na que convivirán a diglosia sen bilingüismo (é dicir, a situación propia de grupos lingüísticos sen a penas contactos pero cunha clara xerarquización deles e das súas linguas) e maila diglosia con bilingüismo (a situación daqueles grupos autóctonos que acceden ás elites superiores e que, ó facéreno, incorporan a lingua A á súa conducta lingüística sen abandonaren a lingua B para as situacións informais). Esta fase intermedia acabará levando a unha terceira de bilingüismo xeneralizado con diglosia, resultado do avance do proceso de asimilación da comunidade B por parte da A; esta situación soamente se poderá clausurar, tal e como se afirma na cita máis arriba transcrita, ou coa substitución lingüística definitiva ou coa normalización da lingua B a custa da variedade A.

Aplicando este esquema ó caso galego, Chacón establece as seguintes tres etapas no desenvolvemento histórico do noso conflito lingüístico:

1. Monolingüismo (nin diglosia nin bilingüismo) desde as orixes do galego ata o ocaso da Idade Media.

2. Diglosia sen bilingüismo e diglosia con bilingüismo durante o período dos chamados *séculos escuros*, é dicir, no galego medio. As elites foráneas e mailo pobo galego-falante presentarían diglosia sen bilingüismo, ó paso que a nobreza galega asimilada manifestaría un comportamento diglósico con bilingüismo.

3. Diglosia con bilingüismo xeneralizado desde o século XIX ata hoxe: o dominio do castelán estenderíase na sociedade ó tempo que o galego non dá superado realmente a inercia tendente á súa completa substitución. Nesta terceira etapa as perspectivas de futuro que se lle abren á lingua galega son dúas:

a) normalización (preconizada en xeral polos movementos galeguistas e nacionalistas desde o Rexurdimento ata hoxe);

b) substitución definitiva (punto final do proceso de extensión social do castelán).

3. Conclusións

Desde este punto da nosa reflexión, eu creo que podemos xa intentar dar resposta a aquela pregunta que faciamos ó inicio desta exposición. ¿Que foi o que sucedeu na Galicia dos últimos cincuenta anos para que se verificase nela o alarmante descenso no uso social do idioma galego que constatamos? Como xa avancei anteriormente, creo que neste tempo se produciu unha desgraciada conxunción da intransixente coerción política que, en materia lingüística coma noutras materias, exerceron as autoridades franquistas, cunha fortísima intensificación daquela tendencia que xa desde o solpor da Idade Media camiñaba en Galicia cara á asociación da urbanización coa castelanización. Por conseguinte, coido que no último medio século de vida galega non se experimentou ningún cambio real de tendencia no que á nosa historia lingüística se refire, pero si un poderoso reforzamento dela propiciado conxuntamente por unha represión política acastelada en todo o tocante á "unidade de España" e unha evolución socio-cultural que obedece sobre todo ós seus propios ritmos e condicionantes.

No día de hoxe un dos mellores servizos que podemos facerlle á causa da lingua galega é o dunha análise desapaixonada que nos permita chegarmos a un diagnóstico o máis atinado posible da actual mala saúde, para min indiscutible, do idioma galego. Unicamente a partir deste diagnóstico se pode elaborar un plano de normalización lingüística serio, con posibilidades de resultar eficaz xustamente porque estaría elaborado para enfrontarse cunha realidade correctamente analizada; un plano de normalización lingüística ben estudado e axustado, con obxectivos xerarquizados a curto, medio e longo prazo que eu sigo botando en falta cando penso na política lingüística que hoxe se fai desde a Xunta de Galicia. Traballos coma o do Mapa Sociolingüístico de Galicia, emprendido pola Real Academia Galega e xa con resultados publicados coma os que eu expuxen hoxe aquí, supoñen o primeiro paso necesario en toda política

lingüística rigorosa: o do estudio e o diagnóstico da situación. A partir de aquí débese acomete-la seguinte tarefa, que non é outra cá da terapia, é dicir, a posta en marcha dun plano de normalización lingüística que poida afrontar e reconducir-la situación analizada.

Persoalmente, creo que no día de hoxe debemos evitar análises apresuradas que, seguramente levadas da inercia, deseen aínda para os nosos días unha situación que foi efectivamente a de épocas pasadas (castelán = lingua A / galego = lingua B) pero que actualmente se ve superada por un estado de cousas máis complexo, con menos brancos e negros e máis zonas con diferentes tonalidades de gris, aínda que en liñas xerais tendente aínda á desgaleguización. Velaí fenómenos coma o da xa tantas veces sinalada utilización *litúrxica* da lingua galega, que presenta evidentes elementos negativos pero que por outra banda chegou xa a producir situacións de diglosia invertida (castelán na comunicación oral informal / galego na expresión formal) en eidos tan importantes da vida social coma o da actividade política. Coido que deste tipo de comportamentos, hoxe bastante consolidados, pode dicirse que, se ben producen certa desconfianza a propósito da sinceridade das afirmacións en materia lingüística dos responsables políticos que así se comportan, tamén contribúe, e non pouco, a rachar co sistema de valores e funcións que tradicionalmente se lles veu atribuíndo ós dous idiomas falados en Galicia.

Desta complexidade da situación actual falan tamén claramente os procesos de cambio de lingua, habituais en comunidades coma a galega (SSRAG 1994: 44 e ss.). Os datos subministrados polo Seminario de Sociolingüística da RAG fálannos de que o 43.5% dos individuos entrevistados cambiou de lingua ó longo da súa vida, aínda que, iso si, en moi diferentes medidas e por razóns diversas. No volume sobre *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia* afirmase ademais que "a tendencia do cambio máis frecuente que atopamos nestes momentos en Galicia é cara a un bilingüismo con maior preponderancia da lingua inicial de cadaquén" (SSRAG 1994: 46). Enfrontámonos así con que, se ben a escola segue sendo aínda un dos factores que máis contribúe ó abandono do seu idioma por parte dos galego-falantes iniciais, tamén é certo que a "adaptación ó medio" (SSRAG 1994: 48) é hoxe en Galicia un factor que move ó cambio de lingua nas dúas direccións posibles. Deste xeito vese que, así como na actualidade os galego-falantes iniciais se senten constrinxidos a cambiar de lingua en determinadas circunstancias, tamén hai castelán-falantes iniciais que debido a factores coma a súa incorporación ó mundo laboral acaban por introducir-lo galego, en maior ou menor medida, na súa conducta lingüística.

Amais disto, paréceme moi significativo o aumento do grupo dos bilingües iniciais, que – repito – constitúen só o 6.6 % dos maiores de 65 anos pero chegan ó 18.8 % entre os que teñen entre 16 e 20. Coido que o progreso deste grupo hai que poñelo en relación coa innegable intensificación da mobilidade social e, por tanto, tamén lingüística experimentada en Galicia nas últimas décadas. Isto cadra ben co feito de que o número de bilingües iniciais medre en relación inversa ó crecemento do factor de ruralidade, pois é ben sabido que a cidade é un medio moito máis dado có campo ás interaccións e á mobilidade social.

Outro grupo de falantes actuais que cómpre subliñar é o daqueles que, a partir dunha toma de conciencia persoal e da adopción do correspondente compromiso, adoptan militantemente un comportamento normalizador do galego. A súa conducta rompe cos esquemas máis internalizados secularmente polo pobo galego, pois habitualmente trátase de persoas que, pola súa formación cultural e as súas formas de vida, difiren claramente do tradicional prototipo do galego-falante, que era inevitablemente un campesiño, mariñeiro ou traballador humilde, con nula ou levisima experiencia escolar e con baixos ingresos económicos. Este grupo de falantes comprometidos, hoxe minoritario pero probablemente en ascenso, está aínda sen cuantificar e estudar debidamente.

É significativo, en fin, o feito de que en Galicia non se produzan abandonos absolutos do idioma inicial, pois isto xa non se sente na actualidade como necesario; incluso na actualidade se observan certos elementos sociais que van facendo aconsellable certa *capilaridade lingüística* por parte dos individuos.

As estratexias normalizadoras do futuro próximo deberían ter ben presentes factores coma estes. Creo que, se efectivamente se quere que o idioma galego recupere vitalidade, estas estratexias, sen abandonaren desde logo a atención ós aspectos relacionados coa aprendizaxe e o progreso da competencia – nos que ata o de agora se centraron case en exclusiva –, deberían incidir na promoción do uso efectivo, en especial entre os máis novos (por seren os máis desgaleguizados) e quizais centrándose particularmente na grande masa das familias de clase media que perderon o galego nas xeracións actuais ou nas xeracións inmediatamente anteriores a estas.

Son consciente de que a grande extensión das conductas bilingües, sen aumento alarmante do monolingüismo en castelán, pode non ser outra cousa que un paso previo para un abandono completo e xeneralizado do galego, invariable co simple paso de unha ou dúas xeracións. Mais, se non pode negarse que os perigos para a pervivencia do noso idioma son na actualidade moito máis ameazantes ca nunca e dispoñen dunha potencia letal ata hai pouco inimaxinable, tamén é certo que nunca contamos cunha rede de individuos e organizacións dispostos a inverte-las tendencias históricas coma a que hoxe existe. Como recentemente sinalou Cabrera Varela (1996), xa desde a década dos sesenta, pero sobre todo a partir da dos oitenta, veñen verificándose en Galicia toda unha serie de mudanzas decisivas que, ó consumaren o cambio cultural de que antes falaba, posibilitan a superación do localismo tradicional e facilitan a percepción xeneralizada dunha identidade colectiva en Galicia. Fenómenos coma os da industrialización, a urbanización, o elevamento do nivel de instrución entre as xeracións máis novas, o desencadeamento de determinados conflitos económicos colectivos con outros espacios españois ou europeos (por exemplo, os do leite, a pesca e o sector naval), a instauración e consolidación dunha nova administración autonómica e dunha vida política propia ou a formación dun espacio *mediático* galego a través da Televisión de Galicia e a Radio Galega son factores que nos últimos anos foron contribuíndo a articular e cohesionalo pobo galego. Eles facilitaron, como indica Cabrera Varela (1996: 243), “a superación das identidades localistas e a asunción da dependencia intergrupar dentro dun

espacio social e económico diferencial, propiciando a emerxencia dunha identidade colectiva socialmente moi estendida e que, aínda que non se pode denominar nacional, abre as portas dun proceso nacionalitario asentado na súa asunción maioritaria pola poboación".

Ante este horizonte posible, o meu desexo non é outro có de conseguir que no século XXI o galego non pase a ser unha lingua puramente institucional, un latín axeitado para as ocasións solemnes pero definitivamente morto na vida cotiá dos nosos descendentes. E, ¿quen sabe? Se cadra nesta angueira nosa tamén poderán dicir algo os galegos do sur, os galegos cos que xa hai demasia- do tempo nos deixamos de tratar por culpa dunha fronteira artificial que o capricho da historia nos veu a impoñer. Se cadra nesta angueira nosa tamén poderán dicir algo os irmáns da *Gallaecia* bracarense, con quen no marco da Unión Europea compartiremos no futuro – estamos empezando a compartir xa – un novo espacio común asentado ás dúas beiras do río Miño.

NOTAS

- ¹ Como atinadamente indica o profesor Teyssier (1987: 5), no caso da Hispania os suevos e os visigodos "tiveram um papel particularmente negativo: com eles a unidade romana rompe-se definitivamente e as forças centrífugas vão preponderar sobre as de coesão".
- ² Barreiro (1982: 52-53) asegura que "sería interminable face-la relación de movementos independentistas e mesmo secesionistas a cargo da nobreza galega, que percura infructuosamente un espacio político propio". Así e todo, Barreiro (1982: 52, n. 6) ofrece unha relación dalgúns destes intentos secesionistas.
- ³ Sobre esta fronteira fai unha interesante suxestión Lorenzo (1992: 31): "a actual Galicia témola como fronteira política contra os mouros desde o reinado de Afonso I [739-757], mentres que as terras de Douro e Miño serán ocupadas 100 anos despois. Isto puido axudar un pouco a marca-la fronteira política no futuro, aínda que non a establecer unha fronteira lingüística, pois a estas terras reconquistadas do Miño ó Douro van facer asentamentos xentes procedentes da outra banda do Miño, da zona galega recuperada un século antes".
- ⁴ Pallares & Portela (1991: 298) sinalan que é precisamente durante a primeira metade do século XIII cando a familia de Traba, grupo de primeirísima liña entre a aristocracia galega da época, alcanza "o seu último gran momento de esplendor. A partir de aí, iníciase a decadencia e con ela o afastamento da nobreza galega dos centros de decisión do reino castelán". E aínda engaden: "A afirmación do reino portugués, a unión definitiva de Castela e León e o grande estirón territorial dos días de Fernando III relegan Galicia a unha posición marxinal". Sobre todo isto cf. tamén Pallares & Portela (1991: 321-329).
- ⁵ O proceso parece intensificarse especialmente a partir de 1370, cando a dinastía de Trastámara procede ó que García Oro denominou *ocupación nobiliar* de Galicia por parte de aristócratas enviados de alén das nosas fronteiras. Sobre isto cf. a síntese de Pallares & Portela (1991: 418-434).
- ⁶ Sirva de exemplo de novo o caso do sevillano Lope de Mendoza, arcebispo de Santiago entre 1400 e 1445. Di Monteagudo (1985: 103): "en 1402 os nobres galegos Rui Sánchez de Moscoso e Gonzalo Osore de Ulloa fixéronlle a homenaxe en castelán [a Lope de Mendoza], a xulgar polo documento redactado nesa lingua, mentres que observamos que R. S. de Moscoso fai unha doación en galego a Afonso Gómez Turrichao [...]; o cal me semella indicio claro dunha práctica diglósica (co arcebispo emprégase o castelán, e cun pequeno nobre subalterno, o galego). As probas da práctica castelanizadora de Lope de Mendoza son moi abundantes, sirvan de exemplo o emprazamento ó nobre Gonzalo Rodríguez de Reino (1403), as numerosas cartas ó Concello, o documento dirixido ó Cabido da Catedral en 1431, o feito de que nos sínodos de 1416, 1431 e 1435 apareza o castelán ó lado do galego".
- ⁷ Aínda a finais do século XIX o índice de ruralidade en Galicia rondaba o 90%.
- ⁸ Aínda que isto é algo ben coñecido, cf. Barreiro Fernández (1981: 201), Costa Rico (1989: 85) e Saavedra (1992: 138 e 218-230).

- ⁹ Isto é algo xa sinalado por diversos autores que creo non será preciso demostrar concienzudamente. Aquí limitareime a lembrar que en carta de 1761 Frei Martín Sarmiento dicíalle ó conde de Campomanes que serían os galegos os primeiros en burlarse del se soubesen que estaba a escribir un glosario galego-latino (cf. Simón Díaz 1972: 312-313).
- ¹⁰ Cit. en Galicia. *Revista Universal de este Reino*, 1, núm. 1, 1 de outubro de 1860, p. 7; o manuscrito da *Historia General del Reyno de Galicia* do Padre Alvarez Sotelo consta de 212 folios e consérvase na Real Academia da Historia (Madrid) coa signatura 25-5-C-100.

BIBLIOGRAFIA

- ÁLVAREZ BLANCO, R.; FERNÁNDEZ REI, F.; XOVE FERREIRO, X (1974), "Galego", *Gran Enciclopedia Gallega*, Xixón, Silverio Cañada Ed., t. XIV, p. 222-255.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (1981), *Historia de Galicia. IV. Edade Contemporánea*, Vigo, Galaxia.
- (1982): "Sinais do acontecer histórico de Galicia", R. LORENZO; D. KREMER (eds.), (1982), *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do coloquio de Tréveris*, Santiago, Xunta de Galicia, p. 49-64.
- CABRERA VARELA, X. (1996), "Cambio cultural e identidade colectiva en Galicia", *Grial* 130, p. 227-243.
- COSTA RICO, A., (1989), *Escolas e Mestres. A Educación en Galicia: da Restauración á Segunda República*. Santiago: Xunta de Galicia.
- CHACÓN CALVAR, R., (1979), "Diglosia e historia", *Grial* 66, p. 442-452.
- FISHMAN, J., (1967), "Bilingualism with and without Diglossia; Diglossia with and without Bilingualism", *The Journal of Social Issues* 23, 2, p. 29-38.
- HERMIDA, C., (1990), "Contribución á caracterización sociolingüística da segunda metade do século XIX", *Cadernos de Lingua* 1, p. 57-78.
- LÁZARO CARRETER, F., (1985), *Las ideas lingüísticas en España durante el siglo XVIII*, Madrid, Crítica.
- LORENZO, R., (1992), "A constitución histórica do galego como lingua románica e de Galicia como entidade nacional", *I Congreso da Lingua e a cultura galegas en Asturias, León e Zamora*, Vigo, Clube Cultural Adiante, p. 29-35.
- (1993), "Algunhas consideracións sobre a evolución do vocalismo en galego e portugués", *Actas do VIII Encontro da Associação Portuguesa de Linguística*, Lisboa, APL, p. 9-26.
- MONTEAGUDO ROMERO, H., (1985), "Aspectos sociolingüísticos do uso do galego, castelán e latín na Idade Media en Galicia", *Revista de Administración Galega* 1, p. 85-108.
- MONTEAGUDO [Romero], H. (1994), "Aspectos sociolingüísticos do uso escrito do galego, o castelán e o latín na Galicia tardomedieval (ss. XIII-XV)", E. FIDALGO; P. LORENZO GRADÍN (coords.), *Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia/Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, p. 169-185.
- PALLARES, M. C.; PORTELA, E., (1991), "Galicia na época Medieval", F. RODRÍGUEZ IGLESIAS (dir.): *Galicia. Historia*, A Coruña, Hércules de Ediciones, vol. 2.
- SAAVEDRA, P., (1992), *A vida cotiá en Galicia de 1500 a 1850*, Santiago de Compostela, Universidade.
- SSRAG (1994) - Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*, Vigo.
- (1995) - Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, *Usos lingüísticos en Galicia*, Vigo, Real Academia Galega.
- SIGUAN, M. (1992), *España plurilingüe*, Madrid, Alianza Editoria.
- SIMÓN DÍAZ, J., (1972) "El P. Sarmiento en los archivos de Campomanes y de Silos: seis cartas más", *Cuadernos de Estudios Gallegos* 27, p. 306-321.
- SOBREIRA, Fr. J., (1974), "Idea de un diccionario de la lengua gallega", J.L. PENSADO, *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVII*, Vigo, Galaxia, p. 185-219.
- TOBÍO, L., (1973), "Gondomar e o galego", *Grial* 40, p. 133-144.
- VILLARES, R., (1984), *A Historia*, Vigo, Galaxia.
- WARTBURG, W. von, (1971), *La fragmentación lingüística de la Romania*, 2ª ed, Madrid, Gredos.

Anexo

(Os gráficos 1 a 4 foram extraídos de Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, *Lingua Inicial e Competencia Lingüística en Galicia*, Vigo, 1994. Os gráficos 5 a 8 foram extraídos de Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, *Usos Lingüísticos en Galicia*, Vigo, 1995)

Gráfico 1. Distribución da lingua inicial en Galicia




Gráfico 2. Lingua inicial segundo o hábitat de nacemento no total de Galicia




Gráfico 3. Lingua inicial por grupos de idade no conxunto de Galicia (monolingües)




Gráfico 4. Bilingües iniciais por idade no conxunto de Galicia




Gráfico 5. Lingua inicial en tres xeracións en Galicia




Gráfico 6. Lingua habitual dos entrevistados segundo a idade en Galicia




Gráfico 7. Evolución da lingua habitual en Galicia dende 1877 ata 1974 (monolingüismo)




Gráfico 8 Evolución da lingua habitual en Galicia dende 1877 ata 1974 (bilingüismo)

